



Ref.- AEG/axps
1301/16

MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE (ACIS) E A FUNDACIÓN RAMÓN DOMÍNGUEZ, PARA A XESTIÓN DO PROXECTO DE INVESTIGACIÓN PERSONALISED RISK ASSESSMENT IN FEBRILE ILLNESS TO OPTIMISE REAL-LIFE MANAGEMENT ACROSS THE EUROPEAN UNION (PERFORM).

O xerente do Servizo Galego de Saúde, DECLARA:

Que o Servizo Galego de Saúde a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e a Fundación Ramón Domínguez, teñen previsto formalizar o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos desde a data da súa sinatura.

Que o instrumento convencional ten por obxecto establecer o marco da súa colaboración concretando todas as actuacións, medios e recursos necesarios para o correcto desenvolvemento do proxecto "*Personalised Risk assessment in febrile illness to Optimise Real-life Management across the European Union*" (PERFORM), como parte do Horizonte 2020-Programa Marco de Investigación e Innovación da Unión Europea para o período 2014-2020. O proxecto pretende desenvolver novos métodos que sexan capaces de identificar de maneira rápida e eficaz infeccións bacterianas en nenos.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

As Partes participan no proxecto colaborativo "*Personalised Risk assessment in febrile illness to Optimise Real-life Management across the European Union*" (proxecto PERFORM) como parte do Horizonte 2020-Programa Marco de Investigación e Innovación da Unión Europea para o período 2014-2020- do que é investigador principal o Dr. Federico Martínón Torres. O proxecto pretende desenvolver novos métodos que sexan capaces de identificar de maneira rápida e eficaz infeccións bacterianas en nenos.

En febreiro de 2016 firmouse o Consortium Agreement do proxecto (Anexo II), entre os 20 socios participantes. Posteriormente firmouse o Grant Agreement 668303 (Anexo III), no que se recolle (páxina 240) que a entidade beneficiaria do proxecto é o Servizo Galego de Saúde e a Fundación Ramón Domínguez participa como terceira parte para a xestión económica dos fondos. Do total de 17.997.665,50 euros concedidos a o consorcio, o Servizo Galego de Saúde é beneficiario de 835.000 euros.


Para poder desenvolver correctamente o proxecto é necesario que parte das accións do proxecto se desenvolva en contacto directo con pacientes pediátricos a través das consultas e dos servizos de urxencias.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE SANIDADE
Secretaría Xeral Técnica

Edificio Administrativo San Lázaro
15703 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Teléfono: 881542726 - Fax: 881542728
www.sergas.es



En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras. E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela, a 20 de febreiro de 2017.

O xerente do Servizo Galego de Saúde

Antonio Fernández-Campa García-Bernardo.